




CONSELLO  
DA AVOGACÍA  
GALEGA



FORMACIÓN  
Consello da Avogacía Galega



# CURSO PRÁCTICO DE ESPECIALISTA EN CONTABILIDADE

Versión novembro 2017



CONSELLO  
DA AVOGACÍA  
GALEGA



FORMACIÓN  
Consello da Avogacía Galega

# CURSO PRÁCTICO DE ESPECIALISTA EN CONTABILIDADE

## ÍNDICE

<u>PRESENTACIÓN</u>	<u>1</u>
<u>MEMORIA</u>	<u>1</u>
<u>CARACTERÍSTICAS DO CURSO</u>	<u>2</u>
<u>OBXECTIVOS DO CURSO</u>	<u>2</u>
<u>MATRÍCULA E INSCRICIÓNNS</u>	<u>3</u>
<u>CERTIFICACIÓN ACADÉMICA</u>	<u>3</u>
<u>EQUIPO</u>	<u>3</u>
<u>COMO ESTUDAR ESTE CURSO</u>	<u>4</u>
◆ TEORÍA	<u>4</u>
◆ PROBAS DE AVALIACIÓN	<u>5</u>
<u>DÚBDIDAS SOBRE O TEMARIO</u>	<u>6</u>
◆ AS CLASES VIDEOPRESENCIAIS	<u>6</u>
• COMO SE ORGANIZAN?	<u>6</u>
◆ O FORO	<u>7</u>
<u>PROGRAMA DO CURSO</u>	<u>8</u>



## Presentación

Neste momento de crise, a información económica adquiriu unha relevancia especial que tamén afecta ao mundo xurídico. Faise imprescindible para os xuristas e as xuristas coñecer as ferramentas contables e financeiras recollidas neste curso para poder interpretar correctamente os aspectos de índole económica dos seus casos.

## Memoria

Vivimos na sociedade da información. De calquera acontecemento estamos informados de xeito puntual e detallado. Dentro da información xeral, a información económica adquiriu tal relevancia que se chega a confundir o desenvolvimento económico co desenvolvemento social. Á súa vez, dentro da información económica predomina a información contable. A presenza da Contabilidade nas Ciencias Xurídicas adquiriu unha gran significación conforme á evolución do mundo dos negocios: escándalos en grandes empresas, detección de tramas delituosas, situación financeira dos bancos, delitos económicos realizados por persoas relevantes e un longo etcétera.

Por todos estes motivos, os xuristas precisan comprender a linguaaxe contable e ter unhas nocións básicas da técnica rexistral contable, dos estados financeiros das empresas e dos traballos e informes realizados polos auditores de contas. Ditos coñecementos seranllles necesarios para afrontar en moitas ocasións a información financeira publicada polas empresas ou conceptos contables específicos, calquera que sexa a rama do dereito á que se adiquen.

Así, ao longo das dez unidades temáticas do curso analizaranse cuestiós como o balance de situación, o ciclo contable e a contabilidade axustada ao Código do Comercio, entre outras. O último tema adícase ás consecuencias dunha contabilidade incorrecta e ao valor probatorio da mesma.

As explicacións teóricas acompañanxe de múltiplos exemplos que axudan a comprender a materia.



## Características do curso

**Organiza:** Consello da Avogacía Galega, en colaboración cos Colexios de Avogados de Galicia e coa participación da editorial Thomson Reuters Aranzadi.

**Coordina:** Secretaría Técnica CAG.

**Dirixido a:** profesionais da avogacía galega.

**Modalidade:** en liña, ou E-learning, desde a web <http://avogacia.gal/formacion>.

**Lingua do curso:** castelán.

**Lingua da plataforma:** castelán ou galego, configurable por cada usuario no seu perfil.

**Número de horas lectivas:** 90.

**Prazo de matrícula:** 31 de decembro do 2017.

**Lugar de matrícula:** na aula virtual do Consello da Avogacía Galega, <http://avogacia.gal/formacion>.

**Prezo:** avogados/as exercentes e alumnos/as do Máster da Avogacía: 100 €. Avogados/as non exercentes: 130 €.

**Remate do curso:** 31 de maio do 2018.

**Superación do curso:** para a obtención do certificado é obligatoria a superación de todos os exercicios e casos prácticos do curso.

## Obxectivos do curso

O obxectivo do presente curso é dotar aos xuristas das ferramentas necesarias para comprender e interpretar os estados financeiros dos empresarios e profesionais.



## Matrícula e inscripcións

A matrícula realizarase polos propios interesados a través da plataforma formativa do Consello, <http://avogacia.gal/formacion>.

## Certificación académica

Este curso está homologado polo Consello da Avogacía Galega. Tras completar o estudo de todos os módulos teóricos en liña e trala superación de todos os exercicios e os casos prácticos, poderase descargar automaticamente e imprimir un certificado cun código seguro de verificación que garante a autenticidade do mesmo.

## Equipo

O equipo responsable do presente curso está formado polos seguintes profesionais:

Persoa	Tarefa
<b>ALBERTO PICOS BRAGE</b>	Titoría. Revisión de contidos
<b>AVOGADO-ECONOMISTA</b>	
<b>SERGIO ARAMBURU GUILLÁN</b>	Coordinación
<b>AVOGADO</b>	
<b>Secretario técnico do Consello da Avogacía Galega</b>	
<b>VERÓNICA PAJÓN JACOBE</b>	Xestión e maquetación
<b>DOCUMENTALISTA</b>	
<b>Xestora de Formación no Consello da Avogacía Galega</b>	

## Como estudar este curso

A actividade formativa será ofrecida mediante o uso da plataforma Moodle. Temas, lexislación e material de apoio, en permanente actualización.

O curso consta de dez temas. Ao entrar na plataforma, visualizaranse os diferentes bloques organizados por pestanas:



### ◆ Teoría

Os contidos teóricos ofréncense:

- Mediante paquetes SCORM, que permiten seguir a formación cunha presentación guiada, con animacións e un formato máis interactivo.

 **Tema 1. Obligaciones contables de empresarios y profesionales. Contabilidad ajustada al IRPF**

- Consulta o contido formativo dun xeito interactivo -

- Mediante documentos en formato PDF, que conteñen a mesma información, coa posibilidade de que se poden descargar e imprimir.

 **Tema 1. Obligaciones contables de empresarios y profesionales. Contabilidad ajustada al IRPF**

- Consulta e descarga o contido en PDF -



**Recomendamos, porén, que os materiais non se impriman, porque están en permanente actualización e poden ser variados.**

### ◆ Probas de avaliación

É importante realizar unha lectura comprensiva dos temas para poder realizar os exercicios e os casos prácticos que axudarán a afianzar o aprendido.

Cuestionario de autoavaliación

Caso práctico recapitulativo

Neste curso debemos destacar que, aínda que tamén haberá algúñ exercicio teórico, a maioría serán de carácter práctico, para poder aplicar o aprendido ao longo do temario. Así pois, haberá exercicios en cada tema e unha avaliação final cun cuestionario tipo test e un caso práctico recapitulativo:

- O cuestionario será de autoavaliación, polo que o alumno verá o resultado da proba en canto a remate. Poderá repetila tantas veces como fora necesario.
- Os exercicios correspondentes a cada tema, así coma o caso práctico recapitulativo, serán avaliados polo titor do curso. Unha vez correxidos e superados, o alumno/a poderá ver un modelo de resolución de cada exercicio.

É imprescindible a superación de todas as probas de avaliação para acadar o certificado de aproveitamento do curso.



## Dúbihadas sobre o temario

Habitualmente, nos cursos do Consello sempre hai un foro para o alumnado onde é posible expoñer ao titor as dúbihadas que xurden sobre o temario e que son resoltas polo formador nese mesmo espazo.

Neste caso, dada a practicidade da materia, optouse por facilitar outro sistema de contacto co titor, más cercano pero que sigue mantendo as vantaxes da formación en liña: as clases videopresenciais.

### ◆ As clases videopresenciais

Dependendo da natureza da materia impartida, pode resultar más ou menos sinxelo explicar conceptos ou dúbihadas por escrito. No curso de Contabilidade pensamos que as clases videopresenciais aportarán un valor engadido porque permitirán unha comunicación máis fluída entre o titor e o alumno.

Debemos sinalar que estas sesións videopresenciais **non serán obligatorias**. O alumno conectarase soamente se está interesado e non serán un requerimento para a obtención do título do curso.

#### • Como se organizan?

Unha vez se peche o prazo de matrícula, iranse subindo datas e horas á plataforma nas que o titor se conectará a través do sistema Skype durante os meses sucesivos.

Previamente a cada sesión, fixarase un prazo para que os alumnos envíen as súas dúbihadas e así o titor poida preparalas para o día da sesión.

Durante a sesión, os alumnos poderán seguir comunicándose co formador a través do uso do chat.



## ◆ O foro

Os foros son unha **ferramenta de debate** onde os estudiantes e o seu titor poden ter conversacións extensas sen necesidade de estar conectados ao mesmo tempo.

É a través dos foros onde se dá a maior parte dos debates e discusións dos temas do curso. Son unha parte esencial para o desenvolvimento do curso e constitúen espazos onde se poden resolver dúbidas, cambiar impresións e consultar as dificultades que cada un atope.

O alumnado dispón dun foro xeral do curso na parte xeral, na zona superior da aula virtual; aquí o titor poderá, por exemplo, propor temas de discusión relacionados con conceptos do programa teórico e con temas de actualidade. É importante a participación do alumno/a, compartindo opinións, propoñendo temas de debate, etc.



Foro Xeral do Curso  
Novidades

Ademais do foro xeral, o alumno/a poderá acceder ao foro de novedades. A diferenza do primeiro, o uso deste quedará reservado a administradores e formadores do curso. Nel publicaranse novedades de interese para o alumnado, como actualización de contidos, publicación de novas de actualidade e outros recursos que se consideren relevantes.

*\*\* Na plataforma está publicado un sinxelo manual de uso no que se explica como navegar pola aula virtual e como utilizar os recursos dispoñibles*



## PROGRAMA DO CURSO

### **TEMA 1. OBRIGAS CONTABLES DE EMPRESARIOS E PROFESIONAIS. CONTABILIDADE AXUSTADA AO IRPF**

1. Introdución. Interese da contabilidade para o xurista
2. Obrigas contables das actividades empresariais e profesionais
3. Contido da contabilidade axustada ao IRPF

### **TEMA 2. INTRODUCIÓN Á CONTABILIDADE AXUSTADA AO CÓDIGO DE COMERCIO. O BALANCE DE SITUACIÓN: O PATRIMONIO DA EMPRESA. A CONTA DE RESULTADOS E A CONTA**

1. Contabilidade axustada ao Código de Comercio. Introdución
2. Balance de situación: O patrimonio da empresa
3. A conta de perdas e ganancias
4. A conta

### **TEMA 3. O ASENTO, O CICLO CONTABLE E O PLAN XERAL CONTABLE**

1. O asento
2. O ciclo contable
3. O Plan Xeral Contable

### **TEMA 4. EXISTENCIAS**

1. Concepto
2. Clases de existencias
3. Valoración das existencias e os seus métodos
4. Sistema de contabilización das existencias
5. Contabilización dos descontos
6. Variación de existencias



**TEMA 5. A AMORTIZACIÓN**

1. Concepto
2. Sistema de contabilización das amortizacións
3. Bens amortizables
4. Métodos de determinación da contía a amortizar

**TEMA 6. A PERIODIFICACIÓN CONTABLE**

1. Concepto
2. Contas de periodificación contidas no Plan Xeral Contable
3. Periodificación de ingresos e gastos xerais
4. Periodificación de ingresos e gastos de natureza financeira

**TEMA 7. AS PROVISIÓN S E AS PERDAS POR DETERIORO. CONTABILIZACION DO IVE**

1. As provisións
2. As perdas por deterioro
3. A contabilización do Imposto sobre o Valor Engadido

**TEMA 8. ANÁLISE DOS ESTADOS FINANCIEROS**

1. Introdución ás análises dos estados financeiros
2. Análise do balance de situación
3. Análise da conta de perdas e ganancias
4. As ratios na análise dos estados contables



**TEMA 9. PROVISIÓN DE FONDOS E SUPLIDOS. INGRESOS DOS PROFESIONAIS XURÍDICOS**

1. Provisión de fondos e suplidos
2. Ingresos dos profesionais xurídicos

**TEMA 10. CONSECUENCIAS DA LEVANZA INCORRECTA DA CONTABILIDADE. VALOR PROBATORIO DA CONTABILIDADE**

1. Consecuencias da levanza incorrecta da contabilidade
2. Valor probatorio da contabilidade



## ESTATUTO DO CONSELLO DA AVOGACÍA GALEGA

APROBADOS POR DECRETO DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA, O DÍA 3 DE XUÑO DE 1993. (DOG DO DÍA 23)

(...)

### *Artículo 5*

En el ámbito territorial de su competencia, tendrá las siguientes funciones:

**1.** Las atribuidas al Consejo General de la Abogacía Española, por la Ley de colegios profesionales, en cuanto tengan ámbito o repercusión solamente en el territorio de la Comunidad Autónoma y cuantas otras les fueran encomendadas en virtud de disposiciones generales o especiales, siempre que no interfieran en la autonomía y en las competencias propias de cada colegio.

(...)

**4.** Fomentar, crear y organizar instituciones, servicios y actividades, con relación a la profesión de abogado, que tengan por objeto la formación y perfeccionamiento profesional, la promoción cultural, la asistencia social y sanitaria, la previsión, la cooperación y el mutualismo, el fomento de la ocupación y otras actuaciones convenientes. Establecer, a tales fines, los conciertos o acuerdos más oportunos con la Administración y las instituciones o entidades que corresponden.

(...)